

QUE É O TESTAMENTO VITAL OU DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓNS PREVIAS?

É o documento en que unha persoa maior de idade, capaz e libre, reflicte anticipadamente a súa vontade relativa á aquelas actuacións médicas a recibir, co fin de que esta sexa respectada e cumprida no momento en que, por determinadas circunstancias, non poda expresalas de forma autónoma.

¿CAL DEBE SER O CONTIDO DESTE DOCUMENTO?

O documento conterá total ou parcialmente o seguinte:

- 1.- Instrucións e opcións sobre os coidados e o tratamento médico a recibir por parte da persoa outorgante ou interesada.
- 2.- Instrucións sobre o destino do corpo e órganos en caso de falecemento.

Asemade, poderase designar un representante para que, chegado o caso, actúe como interlocutor co equipo médico ou sanitario coa finalidade de que se respecten as instrucións previas.

¿COMO SE OUTORGA O DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓNS PREVIAS?

O documento de instrucións previas constituirase mediante algún dos seguintes procedementos:

- 1.- Ante o persoal do Rexistro de instrucións previas.
- 2.- Ante tres testemuñas, maiores de idade e con plena capacidade de obrar, das cales dúas non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade nin estar vinculadas por relación patrimonial coa persoa interesada.
- 3.- Ante notario.

¿A QUEN VAI DIRIXIDO O DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓNS PREVIAS?

As instrucións reflectidas no documento van dirixidas ó equipo médico ou sanitario que no seu caso preste a asistencia á persoa que outorga o testamento vital.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA REXISTRAR O DOCUMENTO DE INSTRUCCIÓNS PREVIAS

- No caso de terse formalizado ante testemuñas:
 - 1.- Documento orixinal de instrucións previas asinado pola persoa interesada e as tres testemuñas.

- 2.- Declaración responsable de cando menos dúas das tres testemuñas de non ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade nin estar vinculadas por relación patrimonial coa persoa interesada.
- 3.- Copias compulsadas dos DNI/pasaporte da persoa interesada e das testemuñas.

- De terse formalizado ante notario:

- 1.- Copia auténtica do documento de instrucións previas.
- 2.- Copia compulsada do DNI/pasaporte da persoa outorgante.

- De terse formalizado ante o Rexistro galego de instrucións previas:

- 1.- Presentación do DNI/pasaporte ante o persoal que leve a cabo a formalización do documento.

Asemade, no caso de que o outorgante ou interesado designe unha persoa representante e, de ser o caso, un substituto, deberá así mesmo xuntar:

- 1.- Documento que acredite a súa designación asinado polo outorgante ou interesado.
- 2.- Copia compulsada do DNI/pasaporte da persoa representante e, de ser o caso, do seu substituto.

¿EXISTE A POSIBILIDADE DE ROVOGAR O DOCUMENTO?

En calquera momento o documento de instrucións previas poderá ser substituído ou revogado pola persoa interesada, deixando constancia por escrito.

¿QUE É O REXISTRO GALEGO DE INSTRUCIÓNS PREVIAS?

Trátase dun rexistro dependente da Consellería de Sanidade, no cal os outorgantes ou interesado, se poderán outorgar, inscribir, substituír e revocar o documento de instrucións previas.

O Rexistro galego de instrucións previas estará interconectado co Rexistro nacional co obxecto de garantir a súa eficacia en todo o territorio nacional.

UNIDADE DO REXISTRO GALEGO DE INSTRUCIÓNS PREVIAS EN VIGO

Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Rúa Concepción Arenal, nº8
(Edificio Torre, 2º andar)
36201 Vigo
Teléfono: 986817240